

2008 Imaxina e

Outras formas de relación

Comparte máis

Este percorrido



Esta calendario pretende ser un pequeno espello que reflicta e reflexione sobre a situación das mulleres no ámbito laboral, persoal e familiar. Concibido en tres actos:

-  Esquemas do pasado
-  A situación actual
-  O futuro que desexamos

Este calendario forma parte de Conta con Elas, un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria Equal promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



Imagina e
Outras formas de relación

Comparte
máis
Este percorrido

PROXECTO

+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

2008

Oficina de
emprego

Adquirimos a identidade de xénero dende que nacemos.

A QUE NOS REFERIMOS CANDO FALAMOS DE...

SEXO?

Ás diferenzas biolóxicas entre as mulleres e os homes.

XÉNERO?

Ao conxunto de ideas e crenzas que se lles atribúen ás persoas dependendo de se é muller ou home.

Estas ideas e crenzas son diferentes segundo as sociedades e as culturas e varían ao longo do tempo.

Ou non variou dende as nosas avoas?

O xénero non é algo natural senón que é unha **construción social** e cultural adquirida a través da socialización e da **educación**.



xaneiro2008

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			



Fondo Social Europeo

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Todas as mulleres son sensibles e todos os homes racionais?

OS ROLES DE XÉNERO SON...

As actividades asignadas a cada sexo como propias e que determinan as responsabilidades e obrigas que van desempeñar.

OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO SON...

Etiquetas sociais que atribúen unhas características determinadas ás mulleres e aos homes, xeneralizando e simplificando a realidade.

	ROL DE XÉNERO	ESTEREOTIPO DE XÉNERO
MULLER	REPRODUTIVO COIDADORA	EMOTIVA PASIVA
HOMME	PRODUTIVO PROVEDOR	PRODUTIVO PROVEDOR

Os roles e os estereotipos de xénero

Implican uns valores e normas que perpetúan as desigualdades nas relacións entre mulleres e homes.



febreiro2008

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29		



A asignación tradicional de roles atribuíu diferentes espazos e tempos ás mulleres e aos homes.

OS ESPAZOS

Socialmente, as mulleres foron confinadas a estar no espazo doméstico onde realizan o traballo reprodutivo.

Este traballo consiste en...

A xestión e o mantemento da casa, así como o coidado da saúde, a educación e o apoio á familia.


E caracterízase por...

Ser un traballo non remunerado economicamente, polo tanto non recoñecido e infravalorado. En consecuencia, as mulleres adquiren dependencia e perden autonomía.

Pola contra, os homes ocupan socialmente o ámbito público, onde realizan o traballo produtivo e remunerado economicamente, o que lles proporciona independencia e recoñecemento social.

OS TEMPOS

O tempo das mulleres, propio do traballo reprodutivo, non ten un comezo nin un remate definidos en cada xornada. Está dedicado as demais persoas, dispoñendo de moi pouco tempo para si mesmas. O tempo dos homes é un tempo máis definido. O traballo produtivo ten un comezo e un remate determinados, o que permite a posibilidade de gozar dun maior tempo para si mesmos.



marzo2008

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24 ₃₁	25	26	27	28	29	30



PROXECTO
+as
conta
CONELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Quen limpa a casa?

Pero quen fai as camas?

A división sexual do traballo...

É a división de traballos en función do sexo.

E caracterízase por...

Ser xerárquica e desigual, porque subordina o traballo das mulleres e as súas actividades á lóxica do traballo dos homes.

Ademais, é determinante á hora de que as mulleres e os homes elixan as súas profesións.

Precisamos...

Acadar unha maior diversificación **laboral** e unha distribución **do traballo doméstico entre** homes e mulleres, **para** superar a **división sexual do traballo**.

	MULLER	HOME
ESPACIO	PRIVADO	PÚBLICO
TEMPO	INDEFINIDO	DEFINIDO
TRABALLO	REPRODUTIVO	PRODUCTIVO



abril2008

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				



PROXECTO
+as
conta
CONELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Por que os sectores feminizados están peor pagados?

Actualmente as mulleres téñense incorporado ao mercado laboral, pero esta incorporación caracterizouse por:

Segregación

Discriminación

Dobre xornada

División sexual

Discriminación:

- A taxa de desemprego nas mulleres é dúas veces maior cá dos homes. Na Mancomunidad de Vigo o 63% das persoas desempregadas son mulleres.

- Os contratos son máis precarios.

- O salario é un 30% máis baixo en postos de igual cualificación.

- Maior contratación temporal. Na Mancomunidad de Vigo estas contratacións nas mulleres superan en 8 puntos ás dos homes

- Traballo a media xornada.

- Peores condicións laborais.

- Menos oportunidades de traballo a partir dos 45 anos.

- Falta de continuidade no traballo pola necesidade de compaxinalo co coidado da familia.



Ademais...

Segue existindo unha menor valoración do traballo feminino remunerado, ao considerarse só como un complemento dos ingresos do fogar achegados polos homes.

maio2008

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



PROXECTO
+as
conta
CONELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Por que hai poucas mulleres presidentas?

Segregación vertical:

As mulleres ocupan os postos máis baixos e peor retribuídos. Tan só o 10% das mulleres están en postos de responsabilidade ou dirección, a isto chámase:

Teito de cristal

Unha barreira invisible que lles impide ás mulleres ascender **laboralmente**.

As causas son varias, entre elas, **ter que ocuparse do traballo fóra e dentro da casa**, ou os **prexuízos que ten o empresariado sobre as capacidades das mulleres para ocupar determinadas profesións**.

Segregación horizontal:

O 80% das mulleres desempeñan traballos que prolongan o rol tradicional feminino desenvolvido no ámbito doméstico: educadoras, enfermeiras, psicólogas, traballadoras do fogar, administrativas, peiteadoras, coidadoras de persoas maiores... Todas elas profesións feminizadas e infravaloradas.



xuño 2008

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23 30	24	25	26	27	28	29



PROXECTO
+as
 conta
CONELas
 A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

A dobre xornada laboral provoca desigualdade entre mulleres e homes.

As mulleres traballan tanto no espazo doméstico como no espazo público. É o que se coñece co nome da:

Dobre xornada laboral.

Por que?

Porque as mulleres incorporáronse ao mercado laboral mentres que seguen a responsabilizarse de todas as tarefas e funcións do espazo doméstico.

Que consecuencias ten isto para as mulleres?

Físicas/psicolóxicas

Cansazo crónico, estrés, falta de proxectos propios, falta de tempo para si, baixa autoestima.

Laborais

Non se produce unha mellora laboral ao non dispor de tempo para aumentar as súas responsabilidades ou non poder mellorar a súa formación.



Isto reflicte que aínda que as mulleres se incorporan ao ámbito público, seguimos sen romper coa asignación tradicional de roles.

xullo2008

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			



PROXECTO
+as
conta
CONELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

As mulleres vense obrigadas a facer malabarismos para poder compaxinar o espazo laboral co doméstico.

Como?

1. Reducindo a súa xornada laboral remunerada.
2. Desempeñando traballos de menor cualificación que esixan menos responsabilidades.
3. Anulando ou atrasando a maternidade.
4. Tendo menos fillas/os dos desexados.
5. Recorrendo ás redes familiares (como a avoa).
6. Contratando servizos, tan só aquelas familias que dispoñan de suficientes recursos económicos.
7. Abandonando o seu posto laboral.
8. Reducindo a xornada laboral e polo **tanto** cobrando menos.



Observades que estas accións que levan a cabo as propias mulleres para compaxinar a vida laboral e doméstica non lles favorecen nada?

agosto2008

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



PROXECTO
+as
conta
CONELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

A conciliación si! Mais non só atinxe as mulleres.

A conciliación

É necesaria para atender as novas realidades e necesidades sociais que foron xurdindo. Coa conciliación... preténdese compatibilizar o traballo doméstico e as responsabilidades familiares e persoais.

Como?

A través de medidas laborais, sociais e políticas que se leven a cabo dende o goberno, institucións, sociedades civís, empresas e a propia cidadanía.

Harmonizando os tempos persoais, familiares, laborais e sociocomunitarios de mulleres e homes.

Para?

Para que as mulleres teñan máis presenza no ámbito laboral e máis tempo persoal.

E finalmente...

Para resolver este problema hai que articular novas relacións que permitan unha distribución equilibrada, entre homes e mulleres, das tarefas da vida profesional e persoal.



setembro2008

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					



PROXECTO
+as
conta
conELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Somos iguais? Por que non facemos o mesmo?

Por **corresponsabilidade** enténdese:

A distribución das tarefas do traballo doméstico entre mulleres e homes, tales como: a xestión do fogar, o coidado de fillas e fillos, a atención das persoas maiores...

A **corresponsabilidade** esixe:

Que os homes asuman as súas responsabilidades dentro do traballo doméstico, para o que é preciso unha implicación e vontade persoais.



Coa **corresponsabilidade** acádase:

Un maior acceso das mulleres a novos espazos e novos empregos cun maior aproveitamento dos seus tempos persoais.

Un cambio social onde todas e todos poidamos exercer os dereitos básicos dun xeito equitativo.

CADA DÍA
DEDICAN
ÁS TAREFAS
DO FOGAR

92% DAS
MULLERES
4 HORAS E
45 MINUTOS

70% DOS
HOMES
2 HORAS E
4 MINUTOS

outubro2008

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		



PROXECTO
+as
conta
conELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

A nivel legal creáronse algunhas medidas de conciliación.

1. Baixa por maternidade de 16 semanas, das que as nais teñen que beneficiarse dun mínimo de 6.
2. Complemento de até o 100% da base reguladora do subsidio económico por risco durante o embarazo.
3. Flexibilización da xornada laboral por motivos familiares.
4. Poder elixir as vacacións, se estas coinciden no período de maternidade.
5. Permiso retribuído a favor dos pais cunha duración de 13 días naturais.

Solucións

1. Promover servizos de atención a persoas, escolas infantís, comedores escolares.
2. Permiso remunerado por enfermidade das/os fillas/os.
3. Nulidade do despedimento naqueles casos nos que as nais están en suspensión de contrato por maternidade.
4. Incremento do permiso de paternidade retribuído para os homes.
5. E hai moitas máis...



novembro2008

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



Cambiar a sociedade para sermos realmente iguais

Como se pode acadar?

- Articulando novas formas sociais e familiares.
- Cambiando mentalidades e actitudes. As leis permiten acadar certas metas, pero son insuficientes se todas e todos non nos implicamos e esforzamos por cambiar.
- A aplicación do principio de igualdade de oportunidades na elaboración dos programas e das accións políticas.
- Educando en Igualdade de Oportunidades. As escolas deben traballar este aspecto nos seus proxectos educativos.
- Adecuando o mercado laboral á nova organización social e familiar, promovendo condicións laborais que compatibilicen o traballo coas responsabilidades familiares.
- Valorando o traballo e as vivencias das mulleres.



Deste xeito, as mulleres poderán recuperar o seu tempo persoal e aumentar a súa calidade de vida.

decembro2008

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				



Fondo Social Europeo

PROXECTO
+as
conta
CONELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO